

APRENDE COAS MULLERES GALEGAS

actividades



ROSALÍA DE CASTRO

(Santiago de Compostela 1837 – Padrón 1885)

Foi unha poeta e novelista galega, considerada como a máis destacada das autoras do Romanticismo do século XIX e unha das representantes do Rexurdimento galego.

Escribiu en galego e en castelán,

mais a escolla da lingua galega foi un acto revolucionario para a súa época e supuxo un rexurdir para a literatura nesta lingua.

A publicación de *Cantares Gallegos* o 17 de maio de 1863 é o momento que se considera clave nesta recuperación e converteuse na data escollida para a celebración do Día das Letras Galegas.

Entre outras obras súas destacamos *La Flor* (1857), *La hija del mar* (1859), *Follas Novas* (1880) e *En las orillas del Sar* (1884).

O seu lirismo directo e persoal xunto a súa forza simbólica, sérvenlle para desenvolver diversas temáticas como a reivindicación da cultura popular, o drama da emigración, o amor, ou os sentimentos da autora.

Rosalía de Castro
foi unha precursora
na defensa dos dereitos
das mulleres a través
dos seus textos.

MULLERES GALEGAS

le e opina

Nunha época na que non estaba ben visto que as mulleres opinasen libremente ou optasen por actividades como a escrita, Rosalía de Castro rebelouse contra todo isto opinando e escribindo.

(...) dende o berce xa, o ruído da cadeas que deberan aprisionarme para sempre, porque o patrimonio da muller son os grillóns da escravitude. Eu, non obstante, son libre, son libre coma os paxaros, coma as brisas, coma as árbores no deserto e o pirata no mar. Libre é o meu corazón, libre a miña alma, e libre o meu pensamento.

Tradución do castelán dun fragmento do artigo "Lieders" publicado en *El Álbum* de *El Miño*, en Vigo en 1858.

Porque aínda non lles é permitido ás mulleres escribir o que sinten e o que saben.

Tradución do castelán dun fragmento do prólogo de *La hija del mar* (1859).

Le con atención estes textos de Rosalía e opina sobre eles.

Le devagar o poema
de Rosalía de Castro
e colorea o debuxo.

MULLERES GALEGAS

colorea

Din que non falan as plantas nin as fontes,
nin os paxaros...

Din que non falan as plantas,
nin as fontes, nin os paxaros,

nin a onda cos seus rumores,
nin co seu brillo os astros,
dino, pero non é certo,
pois sempre cando eu paso,
de min murmuran e exclaman:
-Aí vai a tola soñando
coa eterna primavera da vida e dos campos,
(...)

En las orillas del Sar (1884).



(...)
*Cantarte hei, Galicia,
 teus dulces cantares,
 que así mo pediron
 na veira do mare.*


*Cantarte hei, Galicia,
 na lingua gallega,
 consolo dos males,
 alivio das penas.*

*Mimosa, soave,
 sentida, queixosa;
 encanta si ríe,
 conmove si chora.*
 (...)

MULLERES GALEGAS

labirinto

Saberías dicir a que obra
 de Rosalía de Castro
 pertence este fragmento?
 Atopa a saída do labirinto
 e descúbreo.



Sabías que...? *Follas Novas*,
o seu segundo poemario
en lingua galega, foi
escrito en Simancas, Valladolid,
impreso en Madrid e publicado
na Habana, Cuba, en 1880.

MULLERES GALEGAS

debuxa



DESEÑA unha portada para
unha nova edición deste libro.

Rosalía de Castro
converteuse nun
símbolo da cultura
galega e universal.

MULLERES GALEGAS

sinala

É por isto que foi homenaxeada en multitude de ocasións.
Sinala cun círculo cal destas homenaxes á súa persoa e obra
son auténticas.

Na cidade de Sydney
teñen unha estatua súa
no Xardín da Poesía.

O antigo billete
de 500 pesetas
levaba o seu retrato.

Dedicáronlle unha rúa
na cidade de Toquio.

Un avión dunha
compañía norueguesa
leva a súa imaxe
na cola.

Hai un mural
de Rosalía de Castro
na cidade de Nova York.

O aeroporto de Santiago
de Compostela
chámase
Rosalía de Castro.

Tina Turner dedicoulle
unha canción.

Hai unha camelia
Rosalía de Castro.

Unha
estrela
leva o
seu
nome.



Levar o
peiteado
Rosalía
de Castro
foi moda
na cidade
de Singapur.

